

THE TRANSLATOR'S INVISIBILITY

Lawrence Venuti, *The Translator's invisibility*. London/New York: Routledge. 1995

En 1995 a editorial Routledge de Londres e Nova York publicou un interesante traballo de Lawrence Venuti, profesor asociado na Temple University de Nova York, autor do libro *Our Halcyon Days: English Prerevolutionary Texts and Postmodern Culture* e traductor de varias obras de literatura moderna italiana.

O profesor estadounidense pretende con este libro elaborar unha teoría que sirva de marco para cambia-las condicións que se dan no proceso da tradución literaria, na teoría e na práctica, sobre todo nos países de fala inglesa. Estas condicións definen, segundo Venuti, unha ideoloxía que considera un texto traducido como un subproduto cultural e que permite, e incluso esixe, que o traductor desapareza, que se faga invisible. Esta afirmación en principio sorprendente, pódese entender mellor se botamos man do tópico ben coñecido, tamén no noso ámbito cultural, de que unha tradución será máis perfecta canto menos se note que é unha tradución, é dicir, que non se descubra que o texto foi manipulado por un traductor; e esta ficción da ausencia do traductor faise máis evidente cando o texto se mostra transparente para o lector de textos traducidos. En efecto, hoxe en día os lectores, os críticos e mailos editores están afeitos a considerar un texto traducido como aceptable cando se le con fluidez, cando a ausencia de calquera peculiaridade lingüística ou estilística fai que asemelle transparente e que reflicte tanto a personalidade do escritor estranxeiro coma o seu significado, é dicir, que pareza o mesmo orixinal. Polo tanto, estableceuse a fluidez de lectura do texto traducido como o valor supremo de todo o proceso de tradución. Pero, ¿que se entende por fluidez? Venuti explica que un texto é fluído cando nel aparecen unha serie de posibilidades textuais que implican escolle-lo moderno fronte ó arcaico, o uso común fronte ó especializado, o estándar fronte ó coloquial e dialectal. O texto así conformado é intelixible, familiar, domesticado, non semella estranxeiro e crea a ilusión de o lector poder achegarse doadamente ós contidos que estaban no orixinal. Neste contexto, o traductor traballa cun paradoxo irresoluble xa que, consciente ou conscientemente,

agacha a súa presenza no texto para permitir esa naturalidade que pertence, supostamente, ó texto non traducido.

O concepto de “xusteza”, a fidelidade ó texto orixinal, é outro dos valores supremos da traducción que impuxo unha tradición cultural moi ideoloxizada que favorece o xeral fronte ó idiosincrático e o uniforme fronte ó variable. Na fidelidade mal entendida ó texto orixinal radica a consideración negativa do traballo do traductor. O triunfo do positivismo no século XIX e a prevalencia do espírito científico ó longo do XX fixeron que se considerase que os textos traducidos debían estar ligados intimamente ó seu orixinal, circunstancia esta que, dalgún xeito, impedía a aparición do subxectivo, do diferente, do variable que podía introducir no texto o traductor. Isto está intimamente ligado á concepción da autoría na cultura occidental que lle outorga o dereito exclusivo da “creación” ós autores de textos orixinais, privilexio este que non acepta ningún tipo de intromisión, incluída a da traducción. Desta maneira, os tradutores hanse contentar con producir textos secundarios, malas copias dun orixinal noutra lingua. Os efectos negativos que para Venuti ten unha aplicación ideoloxizada dos conceptos de xusteza e transparencia vense reforzados con diversos factores externos. Venuti refírese en primeiro lugar á situación legal da traducción que non é máis ca unha mostra da pouca consideración que se lle presta ó texto traducido. A lei británica e americana definen a traducción como unha “adaptación” ou “traballo derivado” e, deste xeito, anúlase a posibilidade de que o traductor participe do *copyright*, dereito exclusivo do autor, e mesmo dos beneficios que a traducción poida xerar. Un segundo factor é o da orientación das recensións críticas dos textos traducidos que valora cuestións de estilo, en parámetros de facilidade/non facilidade de lectura, e esquece outros aspectos que, para Venuti, son tan importantes: a súa xusteza con respecto ó orixinal, a consideración do público á que vai dirixida, o seu valor económico no conxunto do mercado editorial, a súa relación coas tendencias literarias propias do país da lingua á que se traduce, o lugar que ocupa no conxunto da obra do traductor, etc. Outro factor importante é o do pouco interese que existe por publicar traduccións. Os datos sobre o número de traduccións publicadas no conxunto da produción editorial dun país (en EE.UU. 1.380 sobre un total de 46.743 (1990) confirman que a traducción é un produto cultural secundario, circunstancia que leva, en xeral, a que as editoriais aposten polos libros de máis éxito e esquecéndose daqueles que poidan supoñer un risco económico (coma tal, as traduccións). Unido a todo isto, e para completa-lo panorama, a masiva implantación dos valores culturais anglosaxóns e da mesma lingua inglesa en todo o mundo, fai cada vez menos necesaria a práctica da traducción. Así mesmo, as culturas expansionistas ó seren agresivamente monolingües non mostran ningún interese por que se creen textos traducidos e, cando o mostran, prefiren traduccións transparentes que producen a sensación narcisista de recoñecer en textos estranxeiros os valores da propia cultura. Ade-

mais, un texto con estas características ten unha boa aceptación no mercado editorial.

Sen embargo, hai un factor determinante que ata o de agora non foi comentado e que contribúe determinantemente á situación de postración da tradución con respecto ós orixinais: a propia actitude do traductor. Hoxe en día, ó menos en Estados Unidos, e en case toda a sociedade occidental, o traductor vive de, e para, producir textos que sexan favorablemente acollidos pola crítica e que teñan unha boa aceptación entre o público para produci-los beneficios económicos meirandes posibles. Nesta angueira esquecen toda reflexión metodolóxica sobre o seu traballo e por iso é difícil que se poidan presentar coma críticos da súa propia actividade, que poidan expresar unha avaliación consciente das condicións sociais e culturais en que traballan. Esta incapacidade converte o traductor nun ser inaccesible, invisible pola súa incapacidade de falar de si mesmo como creador dun texto literario e, tamén, invisible porque, polos condicionamentos do seu sistema cultural, se autoexclúe do texto traducido. O conformismo do traductor coa súa situación reforza a idea asumida e espallada polas elites culturais de que a tradución é unha actividade “manual” fronte ó verdadeiro labor intelectual.

Todo o anterior confirma para Venuti a “maldade” da “invisibilidade” do traductor. Con ela conséguese unha ocultación sorprendentemente exitosa dos múltiples determinantes e efectos que encerra o complexo proceso da tradución. A tradución fluída, expresión manifesta desa invisibilidade, oculta unha insidiosa domesticación dos textos foráneos, reescribíndoos no discurso transparente que prevalece nas linguas de chegada e escolle aqueles textos axeitados para unha reinterpretación tamén fluída. Esta circunstancia é particularmente grave na cultura angloamericana que, para o autor deste traballo, é sintomática do “imperialismo” que dirixe os seus intercambios culturais con outros países.

Unha vez analizadas as “normas” que rexen a actividade tradutora na cultura angloamericana, Venuti vese na obriga de subliña-lo feito de que a domesticación do texto orixinal por medio da tradución non está unicamente determinada polas ideoloxías dominantes na cultura de chegada. En efecto, traducir implica necesariamente unha certa adaptación ó recoñecible polo lector, partindo do nivel estrictamente lingüístico ata o cultural. Sen embargo, isto non debe levar a unha total “domesticación” do texto xa que debería cumprir, e ás veces cumpre, unha serie de funcións importantes. Por unha parte, a tradución ten un enorme poder na construción das identidades nacionais dos países á lingua dos cales se traduce. Por outra parte, a tradución inclúe o texto estranxeiro no sistema literario da lingua de chegada e funciona de maneira semellante a un texto orixinal. A tradución tamén implica o texto estranxeiro no mantemento ou revisión dos paradigmas conceptuais dominantes, na metodoloxía de investigación e nas prácticas das disciplinas e profesións da lingua de chegada, sexan estas a física, a arquitec-

tura, a filosofía, a psiquiatría, a socioloxía ou o dereito. Todas estas condicións permítenlle a Venuti defini-la actividade da tradución, nun contexto ideal, como unha práctica política e cultural que constrúe ou critica as identidades marcadas por unha ideoloxía nas culturas alleas, que afirma ou transgrede os valores discursivos ou os límites institucionais na cultura da lingua de chegada.

O profesor americano analiza tamén a actividade concreta do tradutor, é dicir, o xeito en que se achega ó texto orixinal. Para isto parte da teoría de Friedrich Schleiermacher, teólogo e filósofo alemán de principios do século XIX, que presentaba o problema da seguinte maneira: ou ben o tradutor deixa o autor en paz, na medida do posible, e move o lector cara ó autor, ou ben o tradutor deixa o lector en paz, na medida do posible, e move o autor cara ó lector. O noso autor interpreta que das palabras de Schleiermacher se pode distinguir entre un *método de domesticación* da tradución, unha redución etnocéntrica do texto orixinal ós valores culturais da lingua de chegada que nos trae o autor á casa, e un *método estranxeirizador* que rexistra a diferenza lingüística e cultural do texto e leva o lector á cultura do orixinal. Schleiermacher aposta decididamente polo segundo método, leva-lo lector cara ó texto de partida. Isto implica a prevalencia do diferente do texto orixinal, debido a que se producen unha serie de disrupcións dos valores propios da cultura de chegada. Esta resistencia á ser domesticado que pode presentar un texto traducido inserido nunha determinada cultura adquire, para Venuti, un valor sobranceiro que sobarda os límites do campo da tradución: estranxeiriza-la tradución ó inglés pode ser unha forma de resistencia contra o etnocentrismo e o racismo, contra o narcisismo cultural e o imperialismo, no interese dunhas relacións xeopolíticas democráticas. A rotundidade da afirmación anterior explícase polo feito de que o noso autor considera a teoría e práctica da tradución na cultura angloamericana como un elemento máis do seu “imperialismo” económico e cultural. A tradución fluída, o texto transparente, a desaparición do tradutor non son máis ca fichas dun xogo que pretende illa-lo diferente que subxace a todo texto orixinal para reduci-lo ós valores culturais dominantes. Neste sentido traducir implica sempre destruí-lo alleo. Para demostrar isto, Venuti escolle un exemplo paradigmático de tradución “domesticadora”, de tradución ó servizo da ideoloxía do poder: a teoría e práctica da tradución exercida por Eugene Nida, tradutor da Biblia, adañl do humanismo cristián. Nida é para o autor deste traballo un exemplo clarísimo de fachenda cultural, de violencia etnocéntrica, de ideoloxización da actividade tradutora. O concepto de “equivalencia funcional ou dinámica” (unha tradución con equivalencia dinámica diríxese á naturalidade de expresión e trata de poñer en relación o receptor cos modos de conduta relevantes no contexto da súa propia cultura), central na súa teoría, agocha o xermolo da domesticación do texto estranxeiro. Se o tradutor ten que poñer en relación o lector cos valores da súa propia cultura, é evidente que

vai utiliza-lo texto orixinal para conseguilo seu fin. E a única maneira de facelo é suprimi-los valores diferentes do texto que traduce por medio dun estilo “transparente e fluído”. Polo tanto, para Venuti é evidente que cando Nida afirma que na traducción, un estilo fácil e natural, a pesar de que hai que facer un esforzo enorme para produci-lo, é, con todo, esencial para producir nos destinatarios unha resposta similar á que deron os lectores do texto na súa lingua orixinal, o que está facendo implica a imposición do sistema de valores da lingua inglesa sobre un discurso transparente en cada cultura estranxeira, para conseguir motivar unha resposta dos lectores, que asumen a ficción de que a traducción é un orixinal, idéntica á dos lectores da lingua de partida. A base ideolóxica desta conceptualización da actividade traductora descansa sobre o suposto ideolóxico de que o que separa as culturas do mundo entre si é moito menor có que as une e, por isto, existe unha base para unha comunicación democrática entre os pobos. Venuti explica que en realidade o que pretende Nida é xustificarse nese principio para poder impoñe-los valores do humanismo cristián.

Outro exemplo da tradición domesticadora da cultura angloamericana aparece nas traduccións inglesas das obras completas de Freud. Os textos traducidos fixeron que os orixinais do psicanalista vienés aparecen como abstractos, despersonalizados, demasiado teóricos, eruditos e mecanizados. Xa Bettelheim relacionara esta traducción de Freud cunha estratexia dominante na ciencia angloamericana dende o século XVIII: o positivismo. Esta ideoloxía motivou que, a partir da II Guerra Mundial, se excluíse como obxecto de estudio da psicoloxía todo aquilo que non puidese ser medido ou observado dende fóra. Neste contexto, a psicanálise interpretoise na cultura angloamericana como unha prerrogativa exclusiva dos médicos, coma unha especialidade médica. Outro caso de traducción domesticadora é o da versión de Robert Graves da obra de Suetonio *Os doce Césares*. No seu traballo, Graves domea o orixinal para adapta-las referencias á cultura da Inglaterra da década dos 50 nun momento en que se pretendía populariza-la literatura clásica debido a un crecente desinterese por ela. Graves utiliza un inglés común, asequible para todo o mundo, e así compensa a substitución dos valores da cultura latina polos da Inglaterra moderna. Deste xeito, o traductor non se priva de engadir todo aquilo que faga o texto latino máis achegado ó lector moderno, e converte en afirmacións o que é simple suposición para Suetonio e insire apreciacións sociais e subxectivas que non corresponden coas dominantes na época clásica (por exemplo, Graves deixa ve-la homofobia que existía na Europa da posguerra).

Fronte á domesticación existe unha resistencia que implica estranxeirización. Estranxeirizar un texto traducido pon en marcha un subxectivismo diferente, inherente ó texto, que non está baseado nin no autor do orixinal nin no traductor, senón nunha serie de circunstancias persoais, sociais, psicolóxicas, ideolóxicas e culturais que varían de país en país e de época en

época. Esta heteroxeneidade motiva a aparición dunha serie de discontinuidades entre orixinal e tradución que o traductor debe reflectir no seu traballo. Fronte a unha intervención humanista no texto traducido, Venuti propugna unha lectura “sintomática” que localice as discontinuidades no nivel da dicción, da sintaxe, ou do discurso, e que revele a esencia dunha tradución: a súa condición de reescritura violenta do orixinal, unha intervención estratéxica na cultura da lingua de chegada para conseguir que acepte o diferente, a pluralidade de visións do mundo. Con esta perspectiva anovadora, o tópico da fidelidade ó texto orixinal reformúlase en termos da avaliación dos cánones de xusteza cos cales se produciu o texto e esquecese o problema de definilo como axustado ó orixinal ou non. A fidelidade non pode ser construída como unha simple equivalencia semántica, xa que o texto foráneo é susceptible de moitas interpretacións diferentes e, ademais, as escollas de interpretación do traductor responden a unha situación cultural doméstica e por isto sempre exceden o texto orixinal. Por iso é moito máis importante analiza-las razóns que motivaron a creación dunha tradución determinada e contemplalas no seu contexto histórico como produtos dun determinado discurso cultural.

Neste contexto de resistencia, ¿cal debe se-la aportación do teórico da tradución? Podemos falar dalgunhas:

a) A primeira é evidente: hai que recupera-lo valor do texto traducido, que funciona como un produto secundario dependente do seu orixinal. Venuti utiliza as ideas de Maurice Blanchot (Translating, 1971) que inverte a relación entre o orixinal e a súa tradución. O primeiro non é unha especie de monumento literario inamovible, senón que é un texto “en tránsito” que vive dos cambios e direccións do sistema literario ó que pertence e da súa propia tradución (lémbrese que moitos dos clásicos están “vivos” por que se seguen traducindo).

b) A segunda é a de establecer unhas bases para redactar unha verdadeira historia da tradución que se inspire no procedemento xenealóxico deseñado por Nietzsche e Foucault, principio que refuga as bases da historiografía: a teleloxía e a obxectividade. O procedemento xenealóxico non concibe a historia coma unha sucesión ordenada de feitos, senón que a contempla coma un conxunto de feitos con valores diferentes e discontinuos. O pasado é así un todo heteroxéneo que configura un presente tamén heteroxéneo. Nesta nova historia hai que busca-las teorías alternativas ó discurso “transparente” imposto na cultura angloamericana a partir do século XVIII e os textos que as reflecten. As preguntas claves desta investigación deberían ser: ¿Que valores nacionais mostra o discurso transparente, impostos ós textos traducidos durante longo tempo? ¿Como modelou a transparencia o canon das literaturas estranxeiras en inglés e as identidades culturais nas nacións de lingua inglesa? ¿Por que prevaleceu a transparencia sobre outras estratexias de tradución en inglés? ¿Que acontecería se un traductor tentase reconduci-lo pro-

ceso de domesticación ó escoller textos estranxeiros desviados do discurso transparente, ó traducilos respectando as súas diferencias culturais e lingüísticas? ¿Establecería este esforzo uns intercambios culturais máis democráticos? ¿Cambiaría os valores domésticos? Se estas cuestións teñen respostas, débense elaborar uns procedementos teóricos, críticos e textuais cos cales a tradución poida ser estudiada e practicada como un locus de diferenza, en vez da homoxeneidade que amplamente a caracteriza hoxe en día.

c) A terceira é a de tentar cambia-la actitude do traductor ante o texto. Este pode aceptar ou resisti-los valores dominantes na lingua de chegada. A aceptación implica unha ideoloxía de asimilación, implica coloca-lo que é propio nun “outro cultural” por medio dun narcisismo cultural. A resistencia asume unha ideoloxía de autonomía que sitúa o alleo nun “outro cultural”, que busca a diversidade cultural, que respecta a diferenza da lingua orixinal e subverte os valores hexemónicos da lingua de chegada. Venuti aposta claramente por unha actitude de resistencia.

d) A cuarta é conciencia-los tradutores de que poden forza-lo cambio dos códigos culturais, económicos e sociais que os explotan e marxinan. Eles deben xuntarse para revisa-lo concepto de autoría que varreu a tradución cara ós recunchos da cultura angloamericana. Asemade, os tradutores deberían insistir na súa relación autorial coa tradución mentres negocian o contrato co editor. Deberían pedir contratos que definisen a tradución coma un “traballo orixinal de autoría” en troques de “traballo para alugar”, que se faga o *copyright* a nome do traductor, non ó do autor, e que se lles ofrezan as compesacións económicas normais, coma tal un adianto sobre as vendas e unha parte da venda subsidiaria de dereitos. Ademais, deberíanse limita-los dereitos do autor do orixinal sobre a tradución a un curto período de tempo.

e) A quinta debe motiva-la modificación do pensamento contemporáneo sobre a tradución, por medio dun cambio na práctica da lectura, da recensión e do ensino da mesma. Ler unha tradución como unha “tradución” significa reflecti-las súas condicións, os dialectos domésticos e os discursos en que está escrita e a situación cultural en que se le. Avalia-las traducións como unhas “traducións” significa consideralas como unha intervención nunha situación presente. As recensións non se deben limitar a facer algúns comentarios sobre o estilo da tradución ou sobre a súa fidelidade, de acordo cuns cánones que implicitamente se aplican. Os recensores deberán considera-los cánones de xusteza que o traductor estableceu no seu traballo, xulgando a decisión de traducir e publicar un texto estranxeiro no contexto do canon corrente daquela literatura estranxeira na literatura da lingua de chegada. O ensino da tradución tamén debe cambiar. Unha tradución ofrece información sobre o texto orixinal, as súas estruturas discursivas, os seus temas e ideas, e por iso nunca debe ser explicada como unha representación transparente daquel texto, mesmo se isto é o corrente hoxe en día. Calquera información derivada da tradución sempre se presenta en termos da lingua

de chegada, que debe ser establecida como obxecto de estudo, da discusión na clase e da investigación.

Despois de facer un pequeno percorrido polas teorías de Venuti, cómpre facer algúns comentarios. En primeiro lugar, é evidente que esta obra achega unha perspectiva interesante para achegármonos ó proceso xeral da tradución. Sen embargo, sorprende bastante que este autor consiga reduci-los distintos problemas que agacha o complexo fenómeno da tradución a un único: a tradución que busca a naturalidade dentro dunha lingua determinada de chegada non é máis có reflexo da desaparición do traductor motivada polas ideoloxías dominantes. Esta idea básica na teoría de Venuti permítelle elaborar un proxecto de tradución apoiado na resistencia contra a substitución dos valores da lingua de partida pola ideoloxía da lingua de chegada que se encadra nun proceso de recuperación da dignidade do texto traducido. Se a intención do autor de recupera-la tradución para o sistema literario dunha determinada cultura deriva da certeza de que as obras traducidas e os tradutores non teñen a mesma consideración cás obras orixinais e os seus autores, coido que a súa idea sobre a “invisibilidade” do traductor responde a unha certa ideoloxización dos seus parámetros de análise. A dicotomía que se establece entre tradución domesticadora e tradución “resistente”, entendendo esta última como a que permite opoñerse á anulación do alleo, do individual no texto traducido, parte dunha simplificación dos múltiples aspectos da actividade tradutora. Coido que cualifica-la tradución fluída e transparente como unha expresión da ideoloxía dominante nunha determinada cultura é unha premisa un pouco feble para tentar unha descrición obxectiva dos textos que produce unha sociedade interesada en “consumir” textos traducidos. Venuti semella esquecer que calquera peza literaria, traducida ou non, ponse en relación coas necesidades e formación dos seus lectores potenciais, e que estas necesidades varían segundo os países e a época histórica, e asemade depende do traductor que non pode deixar de expresa-la súa subxectividade no traballo que realiza. Neste contexto, o feito de o traductor producir un texto transparente, adaptado á cultura receptora, non é intrinsecamente negativo, como tampouco é totalmente positivo que o texto se resista a recibir influencias para mante-la súa integridade como espello do alleo. A tradución, malia non ser un produto cultural secundario con respecto ó seu texto de orixe, tampouco debe considerarse no mesmo nivel ca aquel, circunstancia esta que o convertería nun couto pechado libre do influxo da cultura e da lingua dos seus destinatarios. Un texto traducido ten a capacidade de expresar tanto o propio coma o alleo e é esta a súa característica máis salientable. A definición que dá Venuti da tradución nun contexto ideal “a que transgrede os valores discursivos ou os límites institucionais na cultura da lingua de chegada” limita extraordinariamente as posibilidades de realización e recepción do texto traducido e semella estar motivada por razóns de tipo ideolóxico, como reacción contra a expansión económica e cultural dos Estados Unidos.

Visto o anterior, cómpre agora facer unha referencia obrigada á tradución no noso país. O panorama descrito por Venuti coincide só parcialmente coa situación galega. As semellanzas son ben doadas de reseñar: 1. O tópico da tradución fluída e a gabanza do texto transparente funcionan como parámetro case exclusivo de avaliación dos textos traducidos. 2. A crítica dos textos traducidos limítase, en grande medida, a considera-la tradución coma se fose un texto orixinal e, xa que logo, son obrigadas as referencias ó argumento, á calidade do texto como obra literaria, ó autor e ó conxunto da súa obra. Mesmo se poden presentar exemplos onde nin se menciona o nome do traductor. 3. A situación legal dos nosos tradutores presenta a mesma indefinición ca nos países de fala inglesa e cuestións tan importantes coma os dereitos de autoría e as taxas están aínda sen resolver satisfactoriamente. As diferencias que presenta a tradución en Galicia con respecto á situación descrita por Venuti baséanse na desemeianza entre as dúas sociedades. En primeiro lugar, é evidente que a sociedade norteamericana, ou mesmo a inglesa, están fortemente condicionadas pola ideoloxía que deriva do poder político e económico. O noso país, ó non ser un centro xerador de poder, móvese nuns parámetros parcialmente distintos. No caso de que a teoría de Venuti tivese unha confirmación totalmente certa, Galicia non sería o lugar onde o texto traducido se vise máis condicionado, se ben é certo que aquí se traduciu, dependendo das épocas, aquilo que se axeitaba á ideoloxía cultural dos que se interesaron pola tradución: as elites do galeguismo, entendido este nun sentido amplo. En segundo lugar, a circunstancia de que o sistema literario da cultura angloamericana está perfectamente consolidado e que a produción de textos orixinais é máis que suficiente para satisfacer as necesidades dos lectores pode acantóa-la tradución e convertela nun subproduto, tal e como afirma o autor do traballo. Sen embargo, o sistema literario galego non ten o mesmo nivel de consolidación, debido a problemas de tipo político, de todos coñecidos, e de tipo social que conforman unha comunidade pouco interesada no “consumo” de produtos culturais, especialmente os literarios. Unido a isto, aínda funciona o tópico de que a literatura galega non está plenamente capacitada para competir coa escrita en español e, menos aínda, coa que procede de países cunha ideoloxía dominante a escala mundial. Neste contexto, a tradución defínese, en realidade sempre se definiu, como unha actividade esencial para corrixi-las imperfeccións que puidese presenta-lo noso sistema literario e, sobre todo, para crear un público que poida demandar obras en galego, atraído polo prestixio dos autores traducidos. Con todo, esa posición privilexiada da tradución non se amosa na definición de programas institucionais de apoio á actividade de traducir, nin tampouco nunha aposta decidida da empresa privada pola publicación de textos traducidos, salvante casos moi concretos. Neste último aspecto semella que os editores galegos e “angloamericanos” comparten unha prudencia pouco alentadora á hora de arriscarse na edición de textos

que, por razóns diferentes en Galicia e nos Estados Unidos, poden chegar a converterse nun verdadeiro risco comercial.

Por último, e a modo de conclusión, só queda subliña-lo interese que presenta o proxecto de “renexeración” da actividade traductora elaborado polo profesor Venuti. As súas propostas contribuirían dunha maneira efectiva á normalización dalgúns aspectos que atinxen á consideración social da traducción e dos tradutores no noso país. O comezo dos estudos universitarios de Traducción e a aparición de publicacións e traballos en xeral que se centran no seu estudio científico fan que se albisque un mellor futuro para este medio de comunicación intercultural.

Xosé María Gómez Clemente
Universidade de Vigo